

Programa

Anónimo, Cancioneiro de Elvas (S. XVI)
Venid a suspirar

Martín de Ribaflecha (?-1528) Catedral de Tarazona
Benedicamus Domino

Francisco de la Torre (1460-1504) Canc. de Palacio
Adorámoste Señor

Estevao de Brito (1570-1641) Cat. de Évora
Stabat Mater dolorosa

Pedro do Porto (1465-1535)
Virgen bendita sin par

Antonio de Ribera (c. 1514) Cat. de Tarazona
O bone Jesu

Francisco Guerrero (1528-1599) Cat. de Sevilla
Niño Dios d'amor herido

Diego de las Muelas (1698-1743) Cat. de Santiago de Compostela
Vox clamantis in deserto
Cum audisset Joannes
Anónimo (S. XVI)
Salve Regina Princesa

Pedro de Aranaz (1740-1820) Cat. de Sto. Domingo de la Calzada
O Redemptor sume Carmen

Juan García de Salazar (1639-1710) Cat. de Zamora
Ave Regina Caelorum
Salve, Reina de los Cielos

Antonio Cebrián (c. 1520) Canc. de Medinaceli
Lágrimas de mi consuelo

Anónimo, Cancioneiro de Palacio (S. XVI)
So ell enzina

Juan de Arañés (c. 1624)
Un sarao de la chacona

Órgano: Joaquín Barreira

Fagot: Patricia Pazos


Solistas: Cecilia Rodríguez (soprano), Carolina Vidal (mezzosoprano), Martín Viaño (alto), Felipe Sar (tenor, percusión), Fernando Fernández (barítono).


Organiza:

Santuario de Nosa Señora da Franqueira

CORAL POLIFÓNICA DE URDILDE

 Santuario de Nosa Señora da Franqueira

 24 de Xaneiro
18:00 horas



Coral Polifónica de Urdilde

A *Coral Polifónica de Urdilde* forma parte da “Asociación de Mulleres Rurais de Urdilde”, sendo desde os seus inicios un dos grupos que máis levan contribuído a dinamizar a vida social e cultural da parroquia de Urdilde e, por extensión, do Concello de Rois.

A *Coral Polifónica de Urdilde* é un grupo vocal que destaca polo seu permanente afán de mellora artística, levando a cabo unha intensa actividade pedagóxica, coidando a formación dos seus membros no que a técnica vocal e linguaxe musical se refire. Máis de 300 partituras forman parte do repertorio da agrupación, incluíndo unha media de 12 pezas novas por ano. Interpretan fundamentalmente música do *Renacemento* e *Barroco*, sen deixar de lado a música popular e a creación musical en Galicia.

A *Coral Polifónica de Urdilde* gravou un CD que compila unha hora de música conmemorando o seu 15º aniversario, ten dado concertos por toda a xeografía galega e colaborado con importantes solistas instrumentais e vocais da nosa comunidade.

O pasado 31 de decembro participou na *Misa de Apertura da Porta Santa*, conxuntamente coa Capela Musical da Catedral de Santiago de Compostela. Proximamente dará dous concertos en Barcia de Mera e o Santuario da Virxe da Franqueira, presentando un programa adicado á música no Camiño de Santiago.

Luis Martínez (Director)

Nacido en Vigo, estudou Piano, Solfexo, Repentización e Transposición nos conservatorios de Santiago e Vigo. É Mestre especialista en Educación Musical e Licenciado en Pedagogía pola USC.

Asistiu a cursos de perfeccionamento en diferentes ámbitos (musicoloxía, polifonía, dirección coral e de orquestra, análise e técnica vocal) con mestres como J. López Calo, Miro Moreira, Daniel Vega, Owen Reese, Peter Philips, Rui Vieira-Nery, Constantin Alex, Bernd Valentin, Tu Shi Chiao, Dominique Velard...

Foi bolseiro dos Cursos Internacionais *Música en Compostela* e alumno activo nas *Master Classes* de Dirección Coral do mestre Pier Paolo Scattolin na EAEM.

É membro do *Orfeón Terra a Nosa* e a *Capela Musical* da Catedral de Santiago. En 2003 fundou o Coro *Campus Stellae* do que é director.

Notas ao programa

O *Camiño de Santiago* está salpicado de importantes igrexas e catedrais que gardan nos seus arquivos multitude de composicións desde a época medieval até a actualidade, se ben foi no *Renacemento* e no *primeiro Barroco* (séculos XVI e XVII), cando as igrexas da Península Ibérica acadaron o seu maior esplendor artístico, social, cultural e musical.

Ao longo do século XX a musicoloxía europea afanouse en catalogar, estudar, transcribir e publicar os fondos dos arquivos catedralicios e dos cancioneiros que contiñan as partituras que se interpretaban nas capelas musicais das igrexas, dos reis e dos nobres. Estas *Capelas Musicais* estaban compostas por diversos músicos profesionais (instrumentalistas de corda e vento, organistas, cantantes e nenos de coro), a cargo do *Mestre de Capela*, que era o encargado de compoñer a música, dirixir o conxunto e instruír aos nenos cantores

O concerto de hoxe inclúe unha selección de obras contidas nos arquivos de diversas catedrais situadas ao pé dos camiños que conducen a Santiago. No *Camiño Francés* inscribíense as basílicas de Tarazona e Sto. Domingo de la Calzada; no *Camiño Portugués* a Sé do Porto e a de Évora; e na *Vía da Prata* as de Sevilla e Zamora. Do Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela proceden dous motetes do mestre Diego de las Muelas.

Como complemento, un abano de obras profanas e de temática fundamentalmente mariana, procedentes dalgúns dos máis importantes cancioneiros ibéricos do *Renacemento* (Cancioneiros de Palacicio, de Medinaceli e de Elvas).